Ourense 19 xaneiro do 1974

Sr. Dr. Antonio Fráguas Fráguas
Santiago de Compostela

Meu querido e lembrado amigo e compañeiro: Unha aperta. Eu non sei si lle desexei a Vdes bon ano, en calquer caso fágoo agora. Sempre penso nos amigos como Vde e adico a elles os millores pensamentos das miñas soedades de vello. O derradeiro tivo de todo pra min. Pro Deus queira que iste non sexa pior. Polo pronto non principia mal.

Quixera que Vde me fixera o favor de se informare da miña situación como abonado respeito dos Cadernos de Estudios Galegos. Fai tempo que me non chegan. Sospeito si acaso por un viaxe meu algun recibo foi devolto e me diron de baixa. Escribín a Madrid. Dironme unha resposta escura. E ignoro a direición do profesor Maroño. Dóeme trubar o tempo de Vde con iste encárrego, pro Vde sabe facer as cousas.

Supoño terán no "P. Sarmiento" recibido miña contribución pró homaxe ó inesquencible Fermín.

Por eiquí volta a friaxe despois de unha tempada doce e mansa. Veremos que cara traí o rabo torto do Febreiro.

Saudos de Pita pra Vdes e os meus moi respeitosos pra Mª Teresa - b.s.s. p.p. -

Sei como metes o Museo do Sto Mingos baixo o ollar sábio e sorrinte de Vde.

Adeus. Unha aperta a Carreta. Sempre vello amigo que moito lle quer e lembra,

Ramón Otero Pedrayo